



XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN
E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA

C.E.I.P. DE REFOXOS

Loureza, s/n - 36.779 OIA (Pontevedra)
Tel.: 886 11 04 92 - ceip.refoxos@edu.xunta.es
NIF: Q8655445H

Nº Rexistro Saída 24

Data 10-11-2021

Dona Nuria Abuín Carou como directora do CEIP de Refoxos de Oia

CERTIFICA que:

- Segundo se desprende da acta da xuntanza do Claustro celebrada o día 9 de novembro de 2021, este órgano avaliou positivamente e aprobou todos os contidos incluídos nesta PROGRAMACIÓN XERAN ANUAL.
- Segundo se desprende da acta da xuntanza do Consello Escolar celebrada o día 9 de novembro de 2021, este órgano avaliou positivamente todos os contidos incluídos nela.

Por todo iso, APROBA a presente PXA.

Refoxos a 9 de novembro de 2021

A dirección:
Nuria Abuín Carou

CEIP DE REFOXOS

PROGRAMACIÓN XERAL
ANUAL

Curso 2021-2022

ÍNDICE

1. INTRODUCCIÓN	5
2. OBXECTIVOS ESPECÍFICOS PARA O CURSO ACADÉMICO	5
2.1. Ámbito alumnado:.....	5
2.2. Ámbito mestres.....	6
2.3. Ámbito familias	6
2.4. Ámbito entorno.....	7
3. MEDIDAS A DESENVOLVER PARA A SÚA CONSECUCIÓN	7
3.1. Ámbito alumnado	7
3.2. Ámbito familias	7
3.3. Ámbito entorno.....	8
4. XORNADA ESCOLAR E HORARIOS DO CENTRO	9
4.1. Xornada	9
4.2. Atención ás familias	9
4.3. Adaptación ao COVID :	9
Anexo XVI: Documentos organización COVID.	9
4.4. Distribución horaria semanal das materias por niveis e das gardas do profesorado	10
4.1. Día de conveniencia pedagóxica.	13
5. CADRO DE ORGANIZACIÓN PEDAGÓXICA	13
5.1. Órganos de goberno.....	13
5.1.1. Unipersoais	13
5.1.2. Colexiados	13
5.2. Órganos de Coordinación Docente.....	14
5.2.1. Equipos docentes:.....	14
5.2.2. Coordinacións:.....	15
5.3. Plan de actuación.....	15
5.3.1. Xuntanzas	15
5.3.2. Actividades	15
5.4. Profesorado compartido:	16
6. LISTAXE LIBROS DE TEXTO.	16
7. PROXECTO EDUCATIVO.....	16
8. NORMAS DE ORGANIZACIÓN E FUNCIONAMENTO.....	16
9. PROXECTO LINGUISTICO (En proceso de actualización).	16
9.1. Resultado das enquisas ás familias sobre a lingua materna do alumnado.....	16
9.2. Actividades realizadas en Ed. Infantil para que o alumnado adquira as dúas linguas cooficiais.	17
9.3. Lingua vehicular por áreas	18
9.4. Valoración das actividades de fomento do curso anterior e propostas de mellora.....	18

9.4.1.	Educación Infantil	18
9.4.2.	Educación Primaria	19
10.	PLAN DE CONVIVENCIA	19
11.	PLAN DE ACOLLIDA DE ALUMNADO ESTRANXEIRO:	19
12.	PLAN DE ACOLLIDA NO CPI MANUEL SUÁREZ MARQUIER:	19
13.	PLAN XERAL DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE.	20
14.	PLAMBE.	20
15.	PLAN TIC E EDIXGAL.....	20
16.	PLAN DE IGUALDADE	20
17.	PLAN DE ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS E EXTRAESCOLARES.....	20
18.	PARTICIPACIÓN EN PROGRAMAS DE INNOVACIÓN EDUCATIVA.....	22
19.	PLAN DE ACTIVIDADES DA ANPA	22
20.	PLAN DE UTILIZACIÓN DOS ESPAZOS	22
21.	PLAN DE AUTOPROTECCIÓN (Estas medidas foron ampliadas coas que figuran no Anexo XVI: Documentos organización COVID).....	23
21.1.	Equipamento.....	23
21.2.	No caso de ter que suspender as actividades lectivas	23
21.3.	No caso de ter que evacuar o edificio	24
22.	PLAN DE TRANSPORTE ESCOLAR (Estas medidas foron ampliadas coas que figuran no Anexo XVI: Documentos organización COVID).....	25
22.1.	Liñas	25
22.2.	Xestión.....	25
23.	PLAN XERAL DE AVALIACIÓN	25
23.1.	Avaliación externa	25
23.2.	Avaliación interna.....	25
23.3.	Avaliación do alumnado	26
23.4.	Accións de mellora derivadas da análise de resultados da avaliación individualizada de terceiro de EP	26

1. INTRODUCCIÓN

O noso centro é un colexio rural situado na parroquia de Loureza, na zona interior do concello de Oia e abarca as ensinanzas de Educación Infantil (3, 4 e 5 anos) e Primaria.

O equipo docente do centro está composto por tres especialistas de Primaria (inglés, música e EF), dúas de Infantil e unha mestra en comisión de servizos por desempeño de cargo directivo.

Valorizar o uso do galego como lingua propia e medio de expresión habitual, sen esquecer a aprendizaxe do castelán como medio de futuras capacidades, traballar de xeito transversal a importancia do coidado do entorno natural e potenciar as capacidades individuais dentro dun concepto de pertenza á comunidade son os tres pilares nos que asentamos o noso traballo cada curso. Coa chegada da pandemia convertéronse en catro, xa que a actual realidade na que os medios telemáticos cobran protagonismo a formación dixital de alumnado, profesorado e familias é xa unha prioridade.

Sabemos que as medidas de seguridade sanitaria van seguir estando aí pero procuraremos, dentro do que nos permitan, normalizar o máis posible o desenvolvemento das actividades.

2. OBXECTIVOS ESPECÍFICOS PARA O CURSO ACADÉMICO

2.1. Ámbito alumnado:

- Fomentar valores solidarios e non individualistas, respectando os principios de tolerancia.
- Aceptar e respectar as diferenzas individuais e potenciar a coeducación favorecendo un trato igualitario.
- Realizar actividades colectivas para favorecer a socialización e a colaboración.
- Valorar o esforzo propio do alumnado en función das súas capacidades.
- Concienciar ao alumnado da necesidade de adquirir hábitos de hixiene, orde e limpeza, tanto no ámbito escolar como familiar e social.
- Revalorizar o uso do Galego como lingua propia e medio de expresión habitual.
- Potenciar a concienciación da importancia da lingua galega como feito cultural e de comunicación verbal e escrita, con plenas capacidades e equiparable a calquera outra lingua.
- Potenciar a aprendizaxe do castelán como idioma preciso para a resolución de distintas e futuras situacións sociais.

- Potenciar a concienciación do respecto pola natureza (coidala, respectala, valorala, melloralala...), todo isto derivado da circunstancia de que os escolares do centro viven en íntimo contacto con ela.
- Potenciar a educación persoal (mellora do individuo como persoa, valores cívicos). Elevar o nivel de coñecementos e mellorar o nivel cultural.
- Potenciar as capacidades individuais do alumnado cara futuros estudos axudando, mediante unha adecuada información, ao descubrimento das propias aptitudes intelectuais, manuais, técnicas ou artísticas.

2.2. Ámbito mestres

- Promover un clima de convivencia adecuado para o desenvolvemento do labor educativo.
- Apoiar as iniciativas tendentes á consecución de tódolos demais obxectivos propostos.
- Potenciar a coordinación tanto vertical como horizontal entre:
 - Profesorado que incide nos mesmos cursos.
 - Profesorado da mesma área de coñecemento ao longo de todas as etapas co fin de acadar o correcto desenvolvemento dos proxectos curriculares.
 - Potenciar a relación do profesorado coas familias, tendo en conta as características propias do alumnado derivadas do entorno social do que procede (poboación dispersa, emigración, dificultades de acceso a feitos culturais, educativos....).

2.3. Ámbito familias

- Respetar as aportacións das familias na tarefa educativa do centro.
- Recoñecer o dereito de participación das familias na vida do centro, de conformidade co disposto na lexislación vixente, a través da súa representación no Consello Escolar.
- Potenciar a participación das familias nas actividades complementarias e extraescolares.
- Ter presentes os condicionantes sociais e familiares para a orientación escolar do alumnado.
- Considerar as situacións especiais das familias para compensar carencias de tipo familiar, económico e sociocultural.
- Manter unha comunicación fluída coas familias para pedir ou dar información por medio das respectivas titorías.

2.4. Ámbito entorno

- Potenciar a comunicación coas entidades socioculturais e administrativas do entorno escolar.
- Establecer contacto con regularidade co centro de secundaria ao que está adscrito o noso colexio para coordinar unha liña de actuación pedagóxica común e organizar actividades nas que participe alumnado dos dous centros.
- Contemplan a posibilidade de intercambios culturais ou vivenciais con outros centros escolares.

3. MEDIDAS A DESENVOLVER PARA A SÚA CONSECUCIÓN

3.1. Ámbito alumnado

- Realización dun seguimento avaliativo continuo co fin de recadar información dos resultados e mellorar o rendemento escolar.
- Realización de actividades colectivas e participativas co fin de favorecer a socialización, a colaboración e a coeducación, potenciando a valoración das capacidades do alumnado.
- Realización de actividades tendentes á mellora de hábitos de hixiene, orde e limpeza tanto individualmente como en colectividade. Entre elas levarase a cabo unha campaña de recollida selectiva de lixo para o seu reciclado.
- Creación de situacións de uso do idioma castelán – sen relegar o uso de Galego como lingua habitual e familiar da totalidade do alumnado – e ao mesmo tempo establecer medidas encamiñadas ao reforzo educativo daquel alumnado que o precise.
- Continuidade de proxectos encamiñados a concienciación da problemática medioambiental.
- Continuar traballando en actividades colectivas tendentes a favorecer a colaboración, a respectar os valores solidarios, non individualistas e a potenciar a coeducación

3.2. Ámbito familias

- Invitar ás familias a participar en actividades extraescolares ou complementarias para temas específicos: contar lendas, xogos populares, receitas de cociña, experiencias profesionais, participar nos obradoiros organizados ...

- Dar as máximas facilidades á ANPA para a organización de actividades formativas tanto para o alumnado como para as familias nos ámbitos que considere máis indicados para a realidade da comunidade educativa (TIC, formación laboral específica...)
- Informar sobre a función da representación das familias e da ANPA no Consello Escolar.
- Poñer a disposición das familias unha hora de tutoría co profesorado previa cita.
- Establecer:
 - Procesos de estudo da problemática persoal, familiar e escolar a cargo do servizo de orientación.
 - Programas de reforzo e apoio de acordo con dito estudo.
 - Sistemas de axuda, dentro do posible, para o alumnado que o precise a través dos medios SOCIAIS do Concello e difusión de información sobre campañas de axuda: subvencións, campamentos, etc.
- Convocar:
 - Xuntanzas xerais sempre que sexa preciso.
 - Entrevistas informativas persoais coincidindo coa entrega dos boletíns.

3.3. Ámbito entorno

- Poñer a disposición do Concello ás instalacións do centro co fin de facilitar a organización de actividades tanto lúdicas como formativas destinadas ao enriquecemento de todos os integrantes da comunidade educativa.
- Participar nas actividades que oferte o Concello considerándonos parte activa do mesmo.
- Concertar coa dirección do CPI Manuel Suárez Marquier de O Rosal propostas que pretendemos teñan continuidade no presente curso e nos sucesivos:
 - Contacto pedagóxico para intercambio das directrices didácticas de ambos centros intentando favorecer o paso do noso alumnado ao centro de secundaria ao que está adscrito.
 - Xornada escolar de convivencia co alumnado de 6º do Rosal para que o noso alumnado coñeza o seu futuro centro.

4. XORNADA ESCOLAR E HORARIOS DO CENTRO

4.1. Xornada

- Horario lectivo de 9:00h a 14:00h.
- Permanencia do profesorado:
 - Diariamente: Garda de transporte de 8:45h a 9:00h.
 - Luns: Garda de biblioteca de 16:00h a 17:45h. (Depende da evolución da pandemia)
 - Martes: Xuntanzas 15:30h a 16:30 h.

4.2. Atención ás familias

- **Profesorado:** Martes de 16:30 a 17:30 h. (Previa Cita)
- **Orientación:** Mércores de 9:00 a 14:00 h. (Previa Cita)
- **Dirección:** Luns de 9:00 a 9:50h. Martes de 13:10h a 14h. Mércores de 9:00 a 9:50h. Xoves de 13:10h a 14h. Venres de 9:00 a 9:50h. (Previa Cita)

4.3. Adaptación ao COVID :

[Anexo XVI: Documentos organización COVID.](#)

4.4. Distribución horaria semanal das materias por niveis e das gardas do profesorado

HORARIO “GRUPO A”

		INFANTIL
Luns	09:00	Globalizado
	09:50	Rel./Ate.
	10:40	RECREEO
	11:10	Lectura
	11:30	Globalizado
	12:20	Globalizado
	13:10	Globalizado
Martes	09:00	Globalizado
	09:50	Inglés
	10:40	RECREEO
	11:10	Lectura
	11:30	Globalizado
	12:20	Globalizado
	13:10	Globalizado
Mércores	09:00	Globalizado
	09:50	Globalizado
	10:40	RECREEO
	11:10	Lectura
	11:30	Globalizado
	12:20	Globalizado
	13:10	Globalizado
Xoves	09:00	Globalizado
	09:50	Globalizado
	10:40	RECREEO
	11:10	Lectura
	11:30	Globalizado
	12:20	Globalizado
	13:10	Globalizado
Venres	09:00	Globalizado
	09:50	Globalizado
	10:40	RECREEO
	11:10	Lectura
	11:30	Globalizado
	12:20	Globalizado
	13:10	Globalizado

HORARIO “GRUPO B”

		1º	2º	3º	4º	5º	6º
Luns	09:00	Lingua		Música		Relixión	
	09:50	Matemáticas		Matemáticas		Lengua	
	10:40	Sociais		Valores / Relixión		Lengua	
	11:30	RECRO		RECRO		RECRO	
	12:00	Lectura		Lectura		Lectura	
	12:20	Sociais	Val. / Rel.	Inglés		Matemáticas	
	13:10	Valores / Relixión		Lingua		Natureza	
Martes	09:00	Lengua		Lengua		Matemáticas	
	09:50	Matemáticas		Sociais		Lingua	
	10:40	Lingua		Matemáticas		Sociais	
	11:30	RECRO		RECRO		RECRO	
	12:00	Lectura		Lectura		Lectura	
	12:20	Natureza		Lingua		Lengua	
	13:10	Inglés		EF		Música	
Mércores	09:00	Matemáticas Inglés		Lengua		Matemáticas	
	09:50	EF		Sociais		Inglés	
	10:40	Natureza		Lingua		Lingua	
	11:30	RECRO		RECRO		RECRO	
	12:00	Lectura		Lectura		Lectura	
	12:20	Lengua		Inglés		Sociais	
	13:10	Inglés		Plástica		EF	
Xoves	09:00	Matemáticas		Lingua		Matemáticas	
	09:50	Lingua		Natureza		Natureza	
	10:40	Lengua		Lengua		Lingua	Sociais
	11:30	RECRO		RECRO		RECRO	
	12:00	Lectura		Lectura		Lectura	
	12:20	Sociais		Matemáticas		Lengua	
	13:10	Música		EF		Inglés	
Venres	09:00	Lengua		Lengua		Plástica	
	09:50	EF		Sociais		Inglés	
	10:40	Lingua		Natureza		Matemáticas	
	11:30	RECRO		RECRO		RECRO	
	12:00	Lectura		Lectura		Lectura	
	12:20	Matemáticas		Inglés		Lingua	
	13:10	Plástica		Matemáticas		EF	

HORARIO DE GARDAS

		Gardas
Luns	09:00	DIR
	09:50	DIR
	10:40	ING
	11:30	DIR
	12:00	DIR
	12:20	EF
	13:10	DIR
Martes	09:00	DIR
	09:50	INF A INF G
	10:40	MUS
	11:30	DIR
	12:00	DIR
	12:20	EF
	13:10	DIR
Mércores	09:00	DIR
	09:50	INF A INF G
	10:40	EF
	11:30	DIR
	12:00	DIR
	12:20	MUS
	13:10	DIR
Xoves	09:00	DIR
	09:50	INF A INF G
	10:40	-
	11:30	DIR
	12:00	DIR
	12:20	EF
	13:10	DIR
Venres	09:00	DIR
	09:50	MUS
	10:40	ING
	11:30	DIR
	12:00	DIR
	12:20	DIR
	13:10	DIR

4.1. Día de conveniencia pedagóxica.

Este curso os festivos locais coinciden dentro dos días lectivos.

5. CADRO DE ORGANIZACIÓN PEDAGÓXICA

5.1. Órganos de goberno

5.1.1. Unipersoais

- **Dirección:** Dona Nuria Abuín Carou.
- **Orientación:** Don Iván Fernández Alfonso.

5.1.2. Colexiados

- **Consello Escolar:**

Representación do profesorado:

Don Mario Lázaro Juanes que será substituído, de ser o caso, por dona Sandra Pérez Miguez e dona Gemma Casás Juncal que será substituída, de ser o caso, por dona Ángeles Villanueva Martínez.

Representación da ANPA:

Dona Lucía Diego Martínez que será substituída, de ser o caso, por dona Raquel Pérez Fernández.

Representación das familias:

Dona Josefa Mariño Estévez que será substituída, de ser o caso, por don Sidonio Gómez Martínez

Representación do concello:

Dona Carmen María Estévez Adrover que será substituída, de ser o caso, por dona Cristina Correa Pombal.

A Comisión de Convivencia estará constituída polos membros do Consello Escolar e os temas a tratar neste ámbito incluíranse dentro da orde do día das xuntanzas do Consello.

- **Claustro:**

- Dona Nuria Abuín Carou.
- Dona Ángeles Villanueva Martínez.
- Dona Gemma Casás Juncal
- Don Mario Lázaro Juanes.
- Dona Ana Refojos Álvarez.
- Dona Sandra Pérez Míguez.

5.2. Órganos de Coordinación Docente

5.2.1. Equipos docentes:

- **Aula mixta de 4º de Educación Infantil.**

Titoría: Dona Ángeles Villanueva Martínez.

Membros:

Dona Ana Refojos Álvarez.

Dona Mª Carmen Pérez Bouzada.

- **Aula mixta de 5º e 6º de Educación Infantil.**

Titoría: Dona Gemma Casás Juncal

Membros:

Dona Ana Refojos Álvarez.

Dona Mª Carmen Pérez Bouzada.

- **Aula mixta de Primeiro e Segundo de Educación Primaria:**

Titoría: Don Mario Lázaro Juanes.

Membros:

Dona Ana Refojos Álvarez.

Don Sandra Pérez Míguez.

Dona Nuria Abuín Carou.

Dona Mª Carmen Pérez Bouzada.

- **Aula mixta de Terceiro e Cuarto de Educación Primaria:**

Titoría: Dona Ana Refojos Álvarez.

Membros:

Don Sandra Pérez Míguez .

Don Mario Lázaro Juanes.

Dona Nuria Abuín Carou.

Dona M^a Carmen Pérez Bouzada.

- **Aula mixta de Quinto e Sexto de Educación Primaria**

Titoría: Don Sandra Pérez Míguez.

Membros:

Don Mario Lázaro Juanes.

Dona Ana Refojos Álvarez.

Dona M^a Carmen Pérez Bouzada.

5.2.2. Coordinacións:

- Dona Nuria Abuín Carou: Formación do profesorado, TIC, Normalización e Contratos Programa Inclúe e Innova.
- Dona Ángeles Villanueva Martínez: Convivencia e Igualdade.
- Dona Gemma Casás Juncal: Biblioteca e PLAMBE.
- Don Mario Lázaro Juanes: Proxecta + Proxecto de vida activa e saudable.
- Dona Ana Refojos Álvarez: Biblioteca e PLAMBE.
- Dona Sandra Pérez Míguez: EDIXGAL e Proxecta + Escola Verde.

5.3. Plan de actuación

5.3.1. Xuntanzas

- **Claustro:** Planificará, coordinará e decidirá sobre os aspectos docentes. Reunirse sempre que a marcha do centro así o demande, polo menos unha vez por trimestre e preferentemente os martes pola tarde.
- **Consello Escolar:** Como órgano de participación dos distintos sectores da comunidade escolar, reunirse sempre que o centro así o precise e, polo menos, unha vez por trimestre. A celebración dos Consellos Escolares será, na medida do posible, os martes pola tarde.

5.3.2. Actividades

- Revisión e adecuación dos obxectivos e contidos mínimos de área e nivel.
- Revisión da metodoloxía e avaliación.
- Actualización do Proxecto Educativo e dos distintos plans do centro.

- Planificación de actividades complementarias e extraescolares.
- Planificación de saídas didácticas.
- Seguimento do alumnado con NEAE.
- Planificación, desenvolvemento e avaliación dos programas do Plan Proxecta + solicitados.
- Planificación, desenvolvemento e avaliación dos Contratos Programa solicitados.

5.4. Profesorado compartido:

- **Audición e Linguaxe:** Dona Cristina Pérez Ventayol (CEIP Mestre Manuel de Oia).
- **Relixión:** Dona M^a Carmen Pérez Bouzada (CEP Pedro Caselles de Tomiño).
- **Orientación:** Don Iván Fernández Alfonso (CRA María Zambrano do Rosal).

6. LISTAXE LIBROS DE TEXTO.

[Anexo I: Listaxe libros de texto.](#) O Claustro fixou en xuño esta listaxe aínda que finalmente decidiuse prescindir deles en todas as materias menos en inglés, xa que a intención do Claustro é comezar a introducir pouco a pouco o traballo por proxectos. 5ºEP e 6ºEP continuarán utilizando os libros dixitais de Edixgal

7. PROXECTO EDUCATIVO.

[Anexo II. Sen modificacións.](#)

8. NORMAS DE ORGANIZACIÓN E FUNCIONAMENTO.

[Anexo III: Sen modificacións.](#)

9. PROXECTO LINGUISTICO (En proceso de actualización).

9.1. Resultado das enquisas ás familias sobre a lingua materna do alumnado

O alumnado que se incorpora este curso é na súa totalidade galegofalante menos dúas crianzas holandesas que comezan na aula mixta de 5ºEI e 6ºEI e unha nena do grupo de 4ºEI.

9.2. Actividades realizadas en Ed. Infantil para que o alumnado adquira as dúas linguas cooficiais.

Tendo en conta que o obxectivo que se persegue é que o alumnado manteña a súa lingua e que vaia acadando progresivamente unha boa competencia na lingua B, consideramos que o único camiño será a utilización do galego de xeito habitual polos docentes como ata agora. Así mesmo haberá que comprobar periodicamente o grao de dominio do castelán por parte do alumnado para corrixir os erros que se detecten.

Tendo en conta que a oralidade é a característica xeral desta etapa trátase de que o alumnado que ten como lingua A o galego consolide esta e amplíe os seus usos nas diferentes situacións que xurdan na vida escolar. Actuar doutro xeito sería relegar a ese alumnado ao uso da súa lingua exclusivamente no ámbito familiar.

A preparación para a lectoescritura debe realizarse en galego. Buscar o método ou o material máis axeitado será tarefa do profesorado.

Debido á diferenza que presenta o contorno nesta etapa con respecto á Educación Primaria faise necesaria unha maior atención por parte de todos os axentes normalizadores e un maior esforzo na cantidade e na calidade das actividades.

O ENDL, xunto co profesorado da etapa, deseñará actividades encamiñadas fundamentalmente á potenciación da oralidade. Os contos, as cancións, as dramatizacións e a utilización das novas tecnoloxías serán os alicerces sobre os que se planificarán as actividades normalizadoras.

No caso de contar nalgún momento con alumnado non galego falante seguiranse as pautas indicadas no Plan de Adquisición do novo idioma.

9.3. Lingua vehicular por áreas

Curso 2021 / 22					
1º	2º	3º	4º	5º	6º

GALEGO	L. Galega	4	4	4	4	4	3
	C. Sociais	3		3		2	
	C. Naturais	2		2		2	
	Coñecemento		4		4		4
	E. Artística	2	2	2	2	2	2
	Cidadanía						2
TOTAIS		11h	10h	11h	10h	10h	11h

CASTELÁN	L. Castelá	4	4	4	4	4	3
	Matemáticas	5	5	4	4	5	4
	E. Física	2	2	2	2	2	2
	Relixión/Valores	1	2	1	2	1	2
TOTAIS		12h	13h	11h	12h	12h	11h

9.4. Valoración das actividades de fomento do curso anterior e propostas de mellora

9.4.1. Educación Infantil

Durante o curso anterior a lingua predominante de traballo na aula foi un ano máis o galego xa que é a lingua materna do noso alumnado.

Ao longo do curso, de xeito presencial durante o 1º e 2º trimestre e despois a través da aula virtual, fixemos moitas e variadas actividades para que os nenos e nenas adquirisen unha competencia axeitada no ámbito lingüístico, predominantemente en galego pero tamén en castelán tanto a nivel centro como a nivel aula.

A valoración das actividades levadas a cabo na aula foi moi positiva, xa que o alumnado aumentou considerablemente o seu vocabulario e iniciouse na lecto-escritura fomentando deste xeito a súa iniciativa, autonomía persoal e autoestima.

As actividades realizadas a nivel centro, fixéronse en colaboración co “Equipo de Biblioteca” e co “Equipo de DLG”. Este feito foi moi positivo xa que así o alumnado de Infantil participou en actividades das que formaron parte tamén nenos e nenas dos distintos niveis de primaria o que lles proporcionou novas experiencias e puntos de vista diferentes aos propios.

9.4.2. Educación Primaria

A valoración do profesorado de Primaria foi a todas luces moi positiva en xeral, polo variado e axeitado ás distintas idades das actividades desenvolvidas tanto en aula como a nivel centro.

A nova organización escolar debida ao COVID fixo que nos désemos conta de que debemos mellorar a nosa formación no ámbito da educación telemática e que o dominio das posibilidades que ofrece a aula virtual vai ser fundamental nos próximos anos, polo que temos solicitado a renovación do PFPP que iniciamos o curso pasado buscando ampliar a nosa formación no ámbito da biblioteca escolar e das TIC co obxectivo de sacarlles máis partido e que o aproveitamento por parte do alumnado sexa aínda máis eficaz.

10. PLAN DE CONVIVENCIA.

[Anexo V. Sen modificacións.](#)

11. PLAN DE ACOLLIDA DE ALUMNADO ESTRANXEIRO:

[Anexo VI. Sen modificacións.](#)

12. PLAN DE ACOLLIDA NO CPI MANUEL SUÁREZ MARQUIER:

Anexo VII. Sen modificacións.

13. PLAN XERAL DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE.

Anexo VIII: Sen modificacións.

14. PLAMBE.

Anexo IX. Continuidade do proxecto iniciado.

15. PLAN TIC E EDIXGAL.

Anexo X. Continuidade do proxecto iniciado.

16. PLANDE IGUALDADE

Anexo XI. Continuidade do proxecto iniciado.

17. PLAN DE ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS E EXTRAESCOLARES

- As conmemoracións sinaladas no calendario escolar oficial que se organizarán sempre seguindo as normas de seguridade sanitaria:
 - 20 de novembro 2021: **Día Universal da Infancia.**
 - 25 de novembro de 2021: **Día Internacional contra a Violencia de Xénero.**
 - Do 3 ao 10 de decembro de 2021: conmemoración da **Constitución** e do **Estatuto de Autonomía** de Galicia.
 - 3 de decembro de 2021: **Día Internacional das Persoas con Discapacidade.**
 - 10 de decembro de 2021: **Día da Declaración Universal dos Dereitos Humanos.**
 - 30 de xaneiro de 2022: **Día Escolar da non Violencia e da Paz.**
 - 8 de marzo de 2022: **Día Internacional da Muller.**
 - 15 de marzo de 2022: **Día Mundial dos Dereitos do Consumidor.**
 - Do 7 ao 11 de marzo de 2022: **Semana da Prensa.** Un día desta semana traballarase na aula con xornais.
 - 7 de abril de 2022: **Día Mundial da Saúde.**
 - Entre o 19 e o 22 de abril de 2022: **Semana do libro.**
 - 2 de maio de 2022: **Día Internacional contra o Acoso Escolar.**

- 9 de maio de 2022: **Día de Europa**.
- Do 16 ao 20 de maio de 2022: **Semana das Letras Galegas**.
- 5 de xuño de 2022: **Día Mundial do Medio Ambiente**.

- Actividades de valorización e coidado do entorno natural :
 - Viveiro de frondosas e plantacións nos montes comunais para a concienciación na importancia da prevención dos incendios forestais en colaboración coas Comunidades de Montes de Loureza e de Burgueira.
 - Creación dun pequeno xardín botánico procedendo a sinalización con letreiros informativos dos nomes das distintas especies vexetais do recinto escolar e á súa limpeza e coidado.
 - Horto escolar, composteiro e xardín de aromáticas na Área da Natureza.
 - Reciclado de pilas, papel e plástico.
 - Campaña de aforro enerxético.
 - Campaña de “Merendas residuos cero”.
 - Compromiso “Escola sostible” por parte do Claustro.

- Xornada de portas abertas no CPI Manuel Suárez para o alumnado do 6º de Primaria. Organizarase se o COVID o permite.

- Saídas escolares para visitar lugares de interese cultural ou didáctico coa participación das familias sempre que sexa posible. Organizaranse se o COVID o permite.

- Xornadas de convivencia coas familias: Samaín e Magosto en outubro, obradoiros de traballos manuais en decembro, Entroido en marzo, Día Internacional das familias en maio e todas aquelas actividades que vaian surxindo ao longo do curso relacionadas cos distintos centros de interese. Organizaranse se o COVID o permite.

18. PARTICIPACIÓN EN PROGRAMAS DE INNOVACIÓN EDUCATIVA

- Programas do Plan Proxecta + solicitados:
 - Proxecto de vida activa e saudable.
 - Escola verde.
- Contratos Programa solicitados:
 - Inclúe
 - Innova
- EDIXGAL.
- PLAMBE.

19. PLAN DE ACTIVIDADES DA ANPA

A directiva da ANPA comunicou que vai comezar a desenvolver unha escola de tenis os venres pola tarde.

20. PLAN DE UTILIZACIÓN DOS ESPAZOS

- **Na planta baixa:**
 - Aseos do alumnado e do profesorado.
 - Almacén.
 - Sala de profesorado.
 - Cuarto de material.
 - Patio cuberto: Zona azul (Zona de illamento COVID), zona gris, vestiarios e almacén de material de Educación Física.
 - Despacho de Dirección e Orientación.
 - Aula mixta de 4ºEI.
- **Na planta alta:**
 - Aseos do alumnado e do profesorado.
 - Aula mixta de 5ºEI e 6ºEI.
 - Aula mixta de 5ºEP e 6ºEP.
 - Aula mixta de 3ºEP e 4ºEP.
 - Aula de Apoio / Radio.
 - Aula mixta de 1ºEP e 2ºEP.
 - Biblioteca.

- **As instalacións exteriores son:**

- Aparcamento. Situado na entrada do centro, na zona asfaltada. Neste lugar non se permite a estancia do alumnado.
- Sala de caldeiras. Anexa ao edificio escolar.
- Aseo exterior. Anexo ao edificio escolar
- Área de recreo onde hai bambáns, dous tobogáns, un cabaliño de madeira, un areeiro e unha casiña de madeira doazón da ANPA.
- Pista deportiva múltiple: Pista provista de firme de formigón, dúas porterías de fútbol sala e dúas canastras de minibasket, utilizada nos recreos e nas clases de EF.
- Área da natureza: Conta cunha poza con anfibios, cun invernadoiro onde se sitúa o horto escolar, dúas mesas de pedra cos seus respectivos bancos, unha unidade de compostaxe de residuos orgánicos, tomas de auga para regadío e especies vexetais variadas.

21. PLAN DE AUTOPROTECCIÓN (Estas medidas foron ampliadas coas que figuran no Anexo XVI: Documentos organización COVID)

21.1. Equipamento

- Un extintor contra incendios en cada planta do edificio e outros dous na sala da caldeira.
- Tres caixas de atención básica fixas e unha de viaxe para as saídas.
- Unha alarma que permite poñerse en contacto cos servizos de emerxencia de ser preciso.
- Sinalización das saídas de emerxencia conforme á normativa vixente.

21.2. No caso de ter que suspender as actividades lectivas

- A dirección informara á Inspección da situación excepcional que motiva a suspensión das clases.
- A dirección comunicará ao profesorado a suspensión das clases.
- Cada titor/a pasará a facerse responsable do seu grupo de alumnado.
- A dirección encargárase de localizar ás familias nos teléfonos de contacto permanente facilitados para que veñan recoller aos seus fillos/as.

- O alumnado que non sexa recollido permanecerá no colexio ata o final da xornada e marchará no transporte escolar.

21.3. No caso de ter que evacuar o edificio

- O/a mestre/a que advirta o perigo fará soar o timbre dando 3 toques curtos e 1 longo e abrirá a saída de emerxencia que será a porta principal, por ser a que se atopa máis preto tanto das escaleiras como da zona de seguridade (aparcamento dos autobuses).
- O profesorado e os visitantes deberán respectar cando aparquen a liña amarela para deixar franqueada a vía de evacuación.
- O alumnado levantárase das mesas deixando todo na clase tal como estea, sen recoller nada, e colocárase na fila coa maior rapidez posible.
- O profesorado que estea en cada aula abrirá a porta e conducirá á súa clase en orde cara a saída de emerxencia. No caso de estar no patio cuberto o grupo sairá pola porta lateral.
- O alumnado deberá seguir as indicacións do seu mestre/a e en ningún caso deberá seguir iniciativas propias.
- O alumnado que recibise instrucións concretas do seu profesor/a deberá responsabilizarse do seu cumprimento e colaborar no mantemento da orde do grupo.
- O alumnado que non se atope co seu grupo ao soar a alarma, deberá incorporarse rapidamente ao primeiro grupo que atope.
- O alumnado deberá evacuar o centro con orde, evitando atropelos e axudando aos que teñan dificultades ou sufran caídas e en ningún caso deberá volver atrás sexa cal sexa o pretexto.
- O profesorado de garda situarase no corredor para distribuír e facilitar o paso cara a porta. Antes de saír asegurárase de que non queda ninguén atrás. Será o encargado de chamar aos servizos de emerxencia.
- Ao chegar á zona de seguridade cada neno/a incorporárase ao seu grupo, de non o estar xa, e procederá ao reconto do alumnado.

22. PLAN DE TRANSPORTE ESCOLAR (Estas medidas foron ampliadas coas que figuran no Anexo XVI: Documentos organización COVID)

22.1. Liñas

Loureza: Acevedo – Mabilia - Santa Comba - Loureza-Ponte - Loureza - Colexio.

Burgueira: Bonaval – Mouta - Aldea - Eidos de Arriba – Vilariño – Viso – Torroña (Campo) – Refoxos - Colexio.

22.2. Xestión

- Ao comezo de cada curso escolar as familias cubrirán un formulario no que figurarán un teléfono de contacto permanente e o nome e DNI das persoas autorizadas para recoller ás crianzas.
- O alumnado só poderá ser confiado aos seus representantes legais ou as persoas autorizadas.
- No caso de que algunha crianza non poida baixar do autobús por non ter a ninguén que se faga responsable dela o procedemento a seguir será o marcado pola Consellería de Educación na [Instrución 9/2017](#) que regula as saídas do alumnado dos Centros Educativos Públicos.

23. PLAN XERAL DE AVALIACIÓN

23.1. Avaliación externa

Os órganos de goberno tanto colexiados como unipersoais, xunto cos demais sectores da comunidade educativa colaborarán coa administración na avaliación do centro.

23.2. Avaliación interna

A PXA será revisada periodicamente polo Claustro que avaliará:

- Grao de aplicación.
- Adecuación das medidas propostas
- Consecución dos obxectivos propostos.

23.3. Avaliación do alumnado

- Avaliación continua, integrada no proceso educativo e levada a cabo polo/as respectivo/as profesores/as, co obxecto de constatar os progresos, detectar as posibles deficiencias e, no seu caso, propoñer as conseguintes medidas correctoras.
- Para a avaliación final terase en conta os obxectivos e contidos mínimos fixados pola lexislación vixente.

23.4. Accións de mellora derivadas da análise de resultados da avaliación individualizada de terceiro de EP

A pandemia impediu que se levase a cabo.